

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020- 2022

PLAN COMUNITARIO DE TEIS

R/COUTADAS 59 36207 TEIS-VIGO

www.planteis.org

PROXECTO PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS

ORDE do 16 de setembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que incorporafondos procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7 %do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro quedeseñvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



PREVENCIÓN EN DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS

Programas no **ámbito escolar**,

- Programa de prevención universal, **Saúde na Escola**: “Obradoiros de educación en saúde e hábitos de vida saudable” e “Obradoiros de educación afectivo sexual”.
- Programa de prevención selectiva, **Non pasa nada. ¿Pasa algo?**
- Programa de **prevención consumo cannabis**


-Grao de participación dos centros: ALTO (3 de 4)

-Grao de satisfacción dxs profesionais implicadxs: ALTO


-Grao de satisfacción da poboación participante: MEDIO-ALTO

- Grao de adquisición de contidos: MEDIO-ALTO

PARTICIPANTES





OBRADOIROS/CENTROS




No ámbito Familiar

- Programa de prevención universal, **Máis que un teito**: “faladoiros de familia”,
- Programa de prevención selectiva **En familia, todos/as contan**: “asesoramento e orientación socioeducativa á familia”
- programa de prevención indicada **“Entre todos/as”**;



No ámbito xuvenil e de ocio, o programa de prevención universal **Activa:**

- “Actívate xogando”.



No ámbito da **divulgación:**

- **Información- sensibilización.**

A información sensibilización chegou a un total de 8.439 persoas directas:

A través das redes o total de entradas, unha vez desbotadas aquelas que teñen que ver co mantemento e actualización de contidos é de:


.- Páxina Web:

- .- 9.885 páxina inial (o 92,7% son novxs usuarixs) na que aparece (ademáis da difusión das actividades propias da entidade) información e difusión sobre a carteira servizos de prevención da Consellaría de Sanidade e actividades dentro do PLSDA do Concello de Vigo.
- .- 2.062 entradas directas ao proxecto de Prevención de drogodependencias e condutas adictivas ou a algúns dos programas incluídos no proxecto: Escolas de nais e Pais, Saúde na escola, Comisións, Comités, Ocio alternativo, Obradoiros de Natureza...
- .- 326 diagnose/territorio/actividades preventivas.

.- Facebook, Chío, Instagram, Tiktok e LinkedIn:

- .- 2.900-123-448-63 e 20 respectivamente

Difusión Redes Sociais



Realizouse difusión de actividades, mesmo en direto, tentando que chegará ao maior número posible de persoas. Nos últimos meses aumentou considerablemente o número de persoas que interactúan con nós a través das redes sociais e da nosa páxina web, provocando a interrelación e colaboración de algúñas das persoas e entidades que actúan no mesmo territorio.

Ámbito comunitario: Programa de prevención estrutural e ambiental **“Facendo barrio”**

CUANTITATIVA

.- Nº de colectivos/recursos/servizos/entidades/ axentes sociais participantes (en relación co total dos presentes no barrio):

.- Total: 40 de 51 (79% dos recursos e axentes sociais existentes no barrio)

- RR.Sociais e Sociosanitarios: 10 de 11 (85%)

- Anpas: 5 de 9 (55%)

-C. Educativos: 12 de 15 (80%)

-Colectivos/axentes sociais: 11 de 16 (65%)

.-Nº xuntanzas realizadas: 19

-Comité Interanpas: 2

-Comité Técnico: 16

-Comité de colectivos: 1


.- Nº de actividades comunitarias preventivas realizadas: 6

.- Nº actividades novas realizadas (en relación co total de actividades comunitarias): 5


CUALITATIVA:

- % participación: ALTO
- Grao consecución obxectivos: ALTO
- Grao de satisfacción coa calidade do proceso: ALTO
- Grao satisfacción coas sinerxiás entre colectivos e persoas participantes: MEDIO-ALTO

RECURSOS PARTICIPANTES



XUNTANZAS REALIZADAS





O proxecto **Guindastres 20/22**, comezou a súa actividade, no mes de setembro do 2021. O 21 de outubro o noso proxecto recibiu, en Madrid, un áccesit nos premios á innovación social e a nivel estatal, que entregou a Fundación “la Caixa”. Agradecer unha vez máis a “la Caixa”, por poñer en valor e premiar o noso proxecto.

Premios Fundación “la Caixa” a la Innovación Social 2021 Convocatorias Sociales



Premiamos a 10 proyectos sociales con visión innovadora que han logrado una transformación directa en la sociedad.

Fundación “la Caixa”

Nesta edición o proxecto cotinuou cunha estruturación que permitira seguir as liñas definitorias das súas actuacións. Polo que, no ano escolar 2021-22, seguíronse as decisións organizativas abordadas con anterioridade. Entre elas:

- ❖ Preferencia, para participares no programa, dos/as nenos/as que participaron no programa en edicións anteriores, buscando unha evolución a medio prazo cun seguimento continuado dos casos.
- ❖ Este curso, coa pandemia presente, persistiuse no formato adoptado na anterior edición, coas restriccións por espazo e seguindo as pautas exisidas e/ou suxeridas desde sanidade, que provocaron unha recolocación de espazos e/ou número de nenos/as. Os/as rapaces/as puideron asistir ao programa 2 días á semana segundo o grupo de traballo ao que pertencían. Os días de asistencia consensuáronse coas familias e quedaron estipulados no momento da inscrición.
- ❖ Formación de dous subgrupos específicos de traballo que se corresponderon coas dúas educadoras de referencia. Asistindo o grupo de primaria “Vacalouras” os luns e mércores, e o grupo da ESO “Píntegas” os martes e xoves.
- ❖ Tamén, seguindo a mesma liña que anos anteriores, a actividade dividiuse nunha primeira parte, destinada ao traballo en pequeno grupo onde se realizaron as tarefas escolares e o apoio educativo individualizado; e nunha segunda parte, adicada a realización de dinámicas e actividades de ocio reforzadas pola disposición en gran grupo.
- ❖ Nos días de non asistencia presencial, mantívose unha comunicación e un traballo individual e grupal grazas á sociedade dixital, que permitiu, intensificar pautas educativas e rentabilizar tempos e recursos.

Unha edición máis, despois do traballo realizado, é tempo para a análise e as presentes aproximacións son un necesario exercicio de reflexión conxunta, que permite recoller as diversas accións realizadas ata o momento.

DESTINATARIES

Perfil des destinataries

O programa contempla múltiples participantes segundo a súa natureza e o grao de implicación no proxecto. Deste xeito, podemos delimitar dúas tipoloxías:

Destinataries Indirectes:

Potencialmente todes rapaces e rapazas do barrio de 6 a 14 anos, e máis concretamente todes que acuden aos centros educativos públicos do barrio, con especial atención a quenes fan uso dos servizos sociais presentes en Teis e por extensión as súas familias e a comunidade en xeral.

Isto é posible grazas á estreita colaboración das traballadoras/es sociais e educadoras/es familiares da zona e cos colexios, e á implicación dos/as orientadores/as e da comunidade educativa en xeral.

Destinataries Directes:

Foron 21 rapaces e rapazas (das 28 derivacións recibidas), que foron seleccionades nun proceso de derivación e priorización conxunto entre a equipa técnica do Plan Comunitario e os recursos implicados: departamentos de dirección e orientación dos centros educativos, atención primaria, e no caso de intervención familiar, coas educadoras familiares de referencia.

Nº NENAS E NENOS




Gráfico 1: Desegregación por sexo . Elaboración propia 2022

A sobresaínte implicación das profesionais, posibilitou as derivacións e posterior priorización de prazas nesta edición e propiciou as incorporacións, aínda manténdose en suspense durante meses - a expensas da situación sanitaria, as restricción e a posibilidade de aumento de ratios por espazo-. Grazas a esta implicación, púderonse solventar todos os atrancos que supoñen unha carga de esforzo extra para manter o traballo, insistindo ata darse a incorporación que supuxo a consecución dos obxectivos trazados e os posteriores resultados cun rotundo éxito.

O número total das prazas ofertadas completáronse entre as 17 de continuidade e as 4 novas incorporacións. Algúns dos casos derivados desde servizos sociais de atención primaria, desde a equipa de intervención familiar e desde os centros educativos, non poideron ser atendidos quedando en lista de espera.

A continuación, inclúense os datos referentes ás características de les participantes para facilitar a súa análise posterior.

En relación a cuestións específicas, como a idade, a distribución por sexo e o país de procedencia, o grupo presenta a seguinte distribución:

IDADE	Nº DE PARTICIPANTES		
	Nenas	Nenos	Total
7 anos	0	1	1
8 anos	1	0	1
9 anos	1	2	3
10 anos	2	0	2
11 anos	1	2	3
13 anos	2	2	4
14 anos	0	4	4
+14 anos	1	2	3
TOTAL	8	13	21

Tábula 1: Idade participantes desagregadas por sexos. Elaboración propia 2022.

LUGAR DE PROCEDENCIA




Gráfico 2: Desegración por país de procedencia. Elaboración propia 2022.

CENTROS EDUCATIVOS




Gráfico 3: Número de alumnado segundo centros educativos. Elaboración propia 2022.

METODOLOXÍA

Con respecto á metodoloxía empregada para o desenvolvemento do proxecto subliñar principalmente o seu carácter participativo e grupal. Na práctica, isto foise acadando fundamentalmente mediante o establecemento dunha relación de confianza con menores e as súas familias, só posible grazas ao traballo en equipo do día a día. Este feito propicia a atención personalizada e individualizada necesaria para unha intervención pedagóxica integral, que se adecúa ás características persoais e familiares de participantes.

Desde a experiencia das pasadas edicións, para a posta en marcha do programa, enténdese que é preciso estruturar dous momentos diferenciados. Por unha banda, un tempo adicado a realización de tarefas de índole educativo-curricular e, por outra banda, o desenvolvemento de dinámicas e actividades lúdico-sociais.

Ademáis, para a realización das tarefas de apoio educativo precisase dunha distribución en pequenos grupos e en espazos diferenciados conforme ás idades, necesidades e peculiaridades de cada un dos e das participantes. Así estruturados, a cada un destes grupos correspóndelle unha educadora de referencia, responsable directa do seu grupo e da realización das accións establecidas cós nenos e nenas cara a consecución dos obxectivos específicos do programa.

Os contidos transversais a traballar están presentes na propia metodoloxía do proxecto que se corresponden na práctica con momentos específicos e diferenciados proxectados con anterioridade.

Con respecto ao proceso de avaliación sinalar que metodolóxicamente estase a desenvolver unha avaliación educativa sistemática, continua e procesual.

ACTIVIDADES



As actividades desenvolvidas xiraron entornó a dúas áreas de actuación, empregando en todos os casos a lingua galega como lingua vehicular.

Na área de apoio escolar

- ❖ Tarefas escolares.
- ❖ Reforzo Adaptado.

Na área lúdico-educativa

- ✚ Estratexias e xogos que fomenten a educación en valores.
- ✚ Obradoiros de Habilidades Sociais.
- ✚ Dinámicas e xogos cooperativos.
- ✚ Xogos de promoción da igualdade.
- ✚ Estratexias e obradoiros que fomenten o uso do galego.
- ✚ Obradoiros Medioambientais: Coidado das prantas, control do uso da auga...
- ✚ Obradoiros de xogos populares.
- ✚ Obradoiros: entroido, Día das Letras Galegas, Día de Rosalía, Día de Castelao, festiña das flores...
- ✚ Festas en datas sinaladas: cumpreanos felices, festiña das flores en coordinación con diferentes recursos e servizos do barrio, festa intercultural e interxeracional polo día das letras galegas, fin de programa con merendola,...
- ✚ Saídas: ao entornó próximo; parque do barrio das Flores, praza do mercado, instalacións deportivas do centro educativo CEIP Vicente Risco, parque do centro cívico. Fóra do barrio; Aldán.

O desenvolvemento do programa, propicia a realización de dinámicas de diversa índole que pretenden acadar os seguintes obxectivos:

- Implementar valores transversais na socialización dos e das participantes.
- Interactuar co grupo de iguais evitando situacións conflitivas.
- Promocionar a igualdade entre nenos e nenas.
- Interiorizar a lingua galega dun xeito natural mediante unha actividade lúdica.

En canto as actividades grupais realizadas, mencionar que aínda que foi posible executar menos das previstas polos picos da pandemia, as que si se lograron desenvolver encamiñáronse ao traballo dos contidos transversais do propio programa.

Na planificación das saídas, requírese un maior coñecemento do grupo e de como interactúa fóra do seu espazo habitual, polo que as saídas que se realizaron ao principio do programa, reducíronse ao contornó máis próximo (visitas ao parque do barrio das Flores, praza do mercado, centro cívico), o que facilitou a aprendizaxe xeral de normas básicas de convivencia, seguridade, e comportamento nun medio aberto. A situación sanitaria limitou as saídas, tanto en número coma en espazos pechados, reducíndose respecto ás previstas.

Saídas:

Ao longo de toda a edición, producíronse saídas á contorna máis próxima dentro do barrrio; como premio semanal moitos venres, cando o tempo o permitiu, salíuse no tempo de merenda e de lecer aos parques infantís e xardíns máis próximos ao Plan Comunitario de Teis.

Festas de cumpreanos.

Celebracións culturais: Letras galegas, día de Rosalía, día de Castelao,...

Saída final de programa, xa de vacacións escolares:

Para finalizar o proxecto Guindastres 2021-22, o luns 27 de xuño realizouse unha saída con pernocta ata o día 28 á localidade de Aldán.

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA



Dado que o noso programa, é un programa de índole socioeducativa, móvese continuamente no ámbito da coeducación, entendida como proceso intencionado de intervención a través do que se potencia o desenvolvemento de nenos e nenas, cara a un desenvolvemento persoal e unha construción social comúns.

O elevado número de participantes de continuidade, favoreceu e facilitou que a incorporación ao proxecto despois das vacacións de verán, dérase de maneira natural e fluida. Non foi preciso apenas recordar normas e rutinas, xa que moites nenas levan anos no proxecto.

Nos contactos coas familias, centros educativos de referencia e servizos sociais, recolleuse toda a información relevante de cada caso. Esta coordinación de axentes sociais e educativos, e a estreita colaboración coas familias permite manter unha visión global dos casos, estar ao día de calquera incidencia, e sobre todo ter en conta o entorno sociofamiliar, educativo e emocional dos participantes.

Os primeiros momentos do programa adicáronse, a establecer grupos de referencia compensados e adaptados a todas as súas particularidades. A pandemia obrigou a establecer días e espazos diferenciados de atención presencial.

O 4 de outubro, formalizouse o comezo do programa coas respectivas derivacións e posteriores incorporacións e presentacións dos nenos e nenas participantes.

Cara a intervir individualmente e conseguir cambios nas dinámicas condutais de les máis pequenas e súas familias, desenvolvéronse contidos transversais específicos, tales como:

- ✚ **Tarefas e normas:** Nos inicios de cada edición, foi fundamental consensuar normas de convivencia (respectar aos/ás compañeiros/as e educadoras, non insultar, non pegar,), creando un adecuado ambiente de traballo cooperativo no que se propicia que todes se sintan libres de participar, e intervir de forma activa con voz e voto.
- ✚ **Apoio e educación socio-emocional:** No tanto que as necesidades socio emocionais determinan o desenvolvemento persoal e social das persoas en xeral e menores en particular, fíxose necesario un apoio e reforzo socio emocional continuado cara a contrarestar e/ou minimizar as súas carencias. As características de les participantes neste programa, fan preciso traballar dacote no fomento da autoestima e o autoconcepto, como base do desenvolvemento persoal saudable, propiciando a confianza en si mesmas, e educando en comportamentos e actitudes solidarias nas relacións interpersonais. Para ofrecer este apoio foi imprescindible crear un clima de confianza que lles permitira expresarse con liberdade, aproveitando os momentos nos que les menores demandaban ser ouvidos nas súas vivencias persoais e/ou familiares, e amosar, as súas emocións e sentimentos. É esta confianza a que lles permitiu poder reconducir aquelas emocións pouco saudables (ira, rabia, frustración, tristura...) ao tempo que facilitou que as súas relacións cos iguais se mantiveran ao marxe destas emocións contidas, reforzando e potenciando a resolución de conflitos de maneira construtiva e non violenta.
- ✚ **Xogos e dinámicas de habilidades sociais:** Foron primordiais para a adquisición de valores propios do compañeirismo, e de pertenza a un grupo de iguais que se basea na amizade e na convivencia entre compañeiros. Os xogos grupais axudaron, a evitar a competitividade e favorecer a solidariedade e cooperación.
- ✚ **Xuntanza coas nais e pais:** Nas xuntanzas saen a cotío, cuestións de dinámicas familiares. As conversas abertas en grupo, xeran unha serie de interaccións (ás veces positivas, ás veces negativas), moi enriquecedoras para aquelas familias que asemellan ter moi claras as súas posturas,

pero que, satisfactoriamente para nós, son contrastadas e resoltas favorablemente en moitos casos pola propia evolución e influencia des seus filles, acostumados a comentar e valorar as condutas (familiares e escolares). O traballo coas familias deuse dunha maneira máis individualizada con múltiples titorías individuais, atendendo tanto a incidentes puntuais como a evolución de cada nene.

Queda demostrado que a través de xogos, dinámicas e do comportamento do grupo en xeral, xunto coa introdución dalgúñas pautas conduta, é máis doado para todes interiorizar e integrar normas e límites nos hábitos acotío e mantelas no tempo, de tal xeito que, ao final desta edición, comportábanse de maneira máis solidaria, non só no tempo de lecer e nas tarefas asignadas, senón tamén nas tarefas escolares.

O programa continuouse ata o 22 de xuño, para acompañar nos exames finais e para asentar os avances conseguidos na adquisición de normas e límites. Unha vez rematado o curso escolar, realizouse unha saída con pernocta de luns 27 a venres 28 a Aldán.

Unha vez rematado o programa nos casos que foi preciso, buscáronse alternativas de actividades de ocio e tempo libre así coma de apoio escolar para o extenso período vacacional do verán. Ofertáronse prazas nos campamentos de verán náutico que realiza no barrio de Teis, o concello de Vigo. Finalmente tres rapaces irán en quendas de xullo e agosto, xa que o resto ou ben por desprazamentos familiares ou por outro tipo de problemáticas non foi posible asegurar a súa asistencia.

COORDINACIÓN



COORDINACION INTERNA

O programa coordinouse desde o propio deseño, asignando á equipa de profesionais as funcións a desempeñar segundo competencias dentro do programa e establecendo canles de comunicación continua: Diálogo diario e constante sobre incidencias e/ou toma de decisións (entre educadoras); reunións diarias/semanais de intercambio de información e reformulación (cando foi o caso) de actividades ou tarefas para resolver obstáculos o reconducir situacións que puideran ser problemáticas.

COORDINACIÓN EXTERNA

Este programa ten diversas liñas de **coordinación** que son función da Coordinadora técnica, a excepción de departamentos de orientación (pola propia dinámica do programa) que se resolveu directamente entre educadoras e responsables dos departamentos dos centros educativos. Compartiuse información relativa ao transcurso do programa, á evolución de menores e as súas familias, e a todas aquelas circunstancias que podían reverter en beneficio para menores correlativamente cos servizos e axentes sociais do barrio que estiveron implicados dunha ou outra maneira no seu desenvolvemento persoal.

Destacar:

- ❖ Entre **Técnica da Concellaría de Benestar social** e Técnicas do Plan Comunitario de Teis: Nesta edición limitouse a unha única xuntanza coa Técnica de Benestar Social, á solicitude do Plan Comunitario de Teis, para manter coordinación dos casos común e actualizar información do noso proxecto e valorar posibles actuacións conxuntas en dous dos casos máis preocupantes. Estes dous casos foron participantes anteriormente no programa de intervención familiar do concello de Vigo e anos máis tarde manteñen as mesmas ou maiores dificultades de intervención (valoradas así tanto polas familias, centros educativos, e equipa técnica do proxecto Guindastres). A xuntanza rematou sen éxito pese a insistencia das técnicas cara a buscar una alternativa de intervención nos 2 casos¹.
- ❖ O nivel de coordinación cos **Servizos de Atención Primaria UTS.Teis-Travesía**, nos que se

¹ Informou que só terán sidas en conta as solicitudes de actuacións e intervencións previa entrada por rexistro de calquera solicitude sexa feita por unha persoa a título individual, e /ou profesionais do eido educativo, sanitario, social,...

continúa a traballar conxuntamente coas familias mediante a actualización da información relevante dos e as destinatarias do programa. A comunicación coas traballadoras sociais das UTS Teis e Travesía, segue a ser máis fluida e intensa que co resto de UTS por cercanía e número de casos en común. Os contactos ao longo do curso prodúcese a través da vía telefónica, correos, e xuntanzas de coordinación. O 4 de febreiro a equipa técnica do Plan Comunitario foi citada pola traballadora social de Travesía para xuntanza de apertura de intervención familiar, dun dos casos comúns, que finalmente “saltou” grazas á implicación da traballadora social de saúde mental. Na xuntanza actualizouse toda a información relativa ao caso, as intervencións propostas, e as medidas adoptadas por cada profesional ao longo dos meses anteriores. Consensuouse coa educadora asignada ao caso, unha coordinación inicial e continuada, que levou a contactos telefónicos e a outra xuntanza posterior.

- ❖ No que se refire a outros axentes implicados a nivel de **Centros Educativos**, o coñecemento e a implicación dos departamentos de orientación e dirección dos centros de ensino, posibilitou e axilizou o coñecemento dos casos desde a óptica da comunidade educativa. Son diversas as canles de comunicación establecidas que se manteñen para o funcionamento e a coordinación conxunta, principalmente as múltiples xuntanzas e o contacto telefónico cada vez que é preciso. Na dinámica escolar, hai momentos puntuais nos que os contactos cobran máis intensidade, coincidindo co época de exames, avaliacións, xuntanzas coas familias,... En concreto: no mes de setembro para poner ao día a información relativa a casos de continuidade e de coñecemento de posibles novos casos, e calquera outra información que se nos escape a profesionais dos diferentes ámbitos; en xaneiro, unha rolda intermedia de valoración; en maio-xuño, xuntanzas avaliativas e de toma de decisións.
- ❖ Con respecto ao seguemento coordinado a través do **Equipo de Infancia e Familia do Concello de Vigo**, nesta edición, déronse xuntanzas de coordinación con dúas educadoras das súas educadoras. No primeiro dos casos unha educadora de intervención familiar púxose en contacto co Plan Comunitario para coñecer máis polo miúdo o proxecto Guindastres, e posteriormente solicitar praza para algúns dos seus casos. Outra educadora foi asignada a un caso participante do noso programa, e mantívose á solicitude de servizos sociais de atención primaria do Concello de Vigo, unha xuntanza de apertura de caso e unha continuidade na coordinación para a toma de decisións así como dar unha resposta global na intervención.

RECURSOS



Recursos Materiais:

Os recursos empregados foron múltiples entre os que se diferencia principalmente **materiais funxibles** necesarios para a realización da actividade igual que na pasada edición forón:

- ✓ Material escolar (cadernos, lapis, bolígrafos, gomas,...)
- ✓ Material específico (cartolinas, papel continuo, pinturas, pinceles...)

Así como, **materiais non funxibles** de uso continuado ao longo de todo o programa como:

- ✓ Material de oficina (P.C, impresora, teléfono,...)

Outros materiais:

- ✓ Medios de transporte: uso do vitrasa, uso da naviera Vigo-Cangas, uso de autobuses Cerqueiro Cangas-Aldán,...
- ✓ Produtos alimenticios de diversa índole: froita, pan, fiambre, zumes, auga,...

Recursos Humanos:

No que se refire aos recursos humanos empregados para o desenvolvemento do programa, resaltar que desde o inicio da actividade dispúxose dunha equipa de traballo composta por:

- ✓ Unha coordinadora técnica (Diplomada en Traballo Social).
- ✓ Unha educadora (Diplomada en Educación Social).

Ademais de ter a oportunidade de contar coa incorporación e colaboración puntual ao programa de:

- ✓ Un animador sociocultural en prácticas.
- ✓ Gabinete de psicoloxía Karma.

Recursos Económicos:

Subvención da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, para o aspecto lúdico e de ocio saudable e a intervención coas familias.

AVALIACIÓN



I: **Avaliación inicial:** comezou xa na primeira semana de novembro cunha rolda de xuntanzas entre profesionais de referencia dos servizos para tratar de integrar, ao inicio do programa, todas as achegas e suxestións que se consideraron pertinentes. Logo, profesionais de referencia cubriron unha **ficha de campo**, coas posibles derivacións, foron recollidas e sumadas á observación directa da equipa de educadoras. Contrastáronse os diferentes puntos de vista e conclusións e fóronse identificando as características persoais de cada menor, as súas necesidades educativas, as súas carencias...

II: **Avaliación continua:** realizouse diariamente por medio da observación activa e posterior xuntanza da equipa para consensuar actuacións en caso de incidencias. Semanalmente, fixéronse reunións onde se analizou a evolución de cada nene, buscando solucións aos problemas que foron xurdindo. Periódicamente, establecéronse reunións conxuntas coa equipa de profesionais dos servizos de referencia (Familias, UTS, Comunidade educativa, Educadoras familiares,...).

III: **Avaliación final:** realizouse ao remate do ano escolar mediante as xuntanzas de valoración xeral da actividade e a elaboración da memoria final do programa.

IV: **Retroalimentación interna e externa:** que permitiu a reformulación inmediata, naqueles casos nos que foi precisa, conseguindo así unha mellor adaptación do programa ás necesidades reais de menores e as súas familias.

AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS

Para desenvolver este obxectivos realizáronse **actividades** de: Consenso de normas de convivencia e conduta; Valoracións individuais e grupais: "Dinámicas de autoestima e autoconceito; Dinámicas grupais e xogos cooperativos e igualitarios; Establecemento de tarefas e asunción de responsabilidades cara a traballar a autonomía; Hábitos de vida saudable (merenda saudable, exercicio...).

Obxectivos Xerais:

- Evitar na medida do posible a inadaptación e a exclusión social dos e das menores, artellando unha intervención interdisciplinar que favoreza procesos normalizadores para estes/as. **Conseguido de maneira satisfactoria**
- Abordar as situacións problemáticas e de risco na infancia de forma que se leve a cabo unha intervención preventiva en canto o posible agravamento nun futuro das devanditas situacións. **Conseguido de maneira satisfactoria**
- Ofrecer un recurso adaptado ás novas necesidades das familias traballadoras ou con cargas familiares. **Conseguido de maneira satisfactoria**
- Promocionar e fomentar a igualdade social e de xénero. **Conseguido de maneira satisfactoria**
- Crear un espazo de lecer alternativo para os nenos/as de Teis. **Conseguido de maneira moi satisfactoria**
- Conseguir unha efectiva integración dos nenos/as en risco de exclusión e/ou vulnerabilidade social. **Conseguido de maneira satisfactoria.**
- Consolidar un espazo de apoio e derivación de rapaces/as en situacións especiais detectadas por profesionais do barrio, servizos colaboradores... **Conseguido de maneira óptima**

Obxectivos Específicos:

- Axudar á propia dinámica familiar mediante un servizo/recurso de atención aos/ás menores diario e profesional. **Conseguido de maneira óptima.**
- Diminuír a manifestación de condutas desadaptativas e/ou disruptivas nos e nas menores en risco e/ou situación de vulnerabilidade. **Conseguido de maneira satisfactoria.**
- Reforzar e estimular as capacidades e potencialidades do/a menor, co obxectivo de iniciar un proceso de mellora e crecemento individual e como consecuencia tamén familiar. **Conseguido de maneira moi satisfactoria.**
- Potenciar a integración e interacción dos/as rapaces/ as no seu entorno (Teis). **Conseguido de maneira satisfactoria.**
- Ofrecer un espazo de xogo e interacción social e un servizo de atención controlada aos e ás menores, creando ambientes de participación e diversión. **Conseguido de maneira satisfactoria.**
- Facer seguementos periódicos dos nenos e nenas que acuden ao programa mediante o establecemento de recursos e protocolos de actuación conxuntos cos/as profesionais de referencia. **Conseguido de maneira óptima.**

VALORACIÓN XERAL

Na valoración xeral do desenvolvemento do programa nesta edición, dicir que hai unha serie de cuestións estruturais, que funcionan na práctica positivamente de maneira transversal como:

- ❖ A cohesión da equipa de traballo e a implicación educadoras-plan comunitario porque posibilita o desenvolvemento práctico do programa;
- ❖ As estratexias levadas a cabo no día a día que se trasladan de maneira cambiante (individualizadas e personalizadas) para que as técnicas empregadas faciliten a aparición e o mantemento das condutas dexasables.
- ❖ O propiciar unha relación de confianza que serve de referencia para todas as persoas que participan na actividade como os rapaces e rapazas, as súas familias, as educadoras de referencia e o propio PCT.
- ❖ A realización de actividades complementarias (actuacións musicais, festas de cumpreanos, celebracións culturais, saídas ao entorno próximo, a pernocta en Aldán,...) porque supoñen un forte elemento motivador para os nenos e nenas que participan no programa.

O feito de manter días e espazos de intervención diferenciados entre grupos (pola situación sanitaria), repercutiu notablemente no desenvolvemento do proxecto: Por un lado reforzou a identidade grupal interna diferenciada entre o grupo de primaria e o da ESO, evitando imitacións de linguaxes e condutas non desexadas na interacción entre nenos de menor idade e nenos de maior idade; e por outro rompeu a positividade nas interaccións nas que nenos de maior idade servían de exemplo con actuacións e/ou mesmo explicacións de aspectos nos que evolucionaron moi positivamente no eido condutual así coma no curricular e sobre todo no das relación interpersonal de respecto mutuo e compañeirismo, coma exemplo para nenos menores.

Neste senso a saída final con pernocta a Aldán, permitiu estreitar alianzas no crecemento persoal e vínculos emocionais, na interrelación persoal dentro do grupo de iguais.

A evolución-involución dalgún dos casos voltou a refrendar a necesidade dun traballo coordinado, e mantido no tempo suficientemente para que asenten moitos dos avances acadados. Á dificultade da intervención, súmase a precaución que hai que ter no abandono da supervisión dos obxectivos conseguidos pero que ao non estar afianzados son débiles e están verdes, polo que é moi sinxelo que se perdan.

Mantivéronse e cumpríronse os criterios de calidade que vimos priorizando desde a primeira edición, PARTICIPACIÓN e COORDINACIÓN de todes axentes implicades (familias, profesionais, servizos,...), como garantía de efectividade e eficiencia. Isto permitiu, por unha parte adecuar as accións aos fins e obxectivos do programa e, por outra, a optimización dos recursos utilizándoos correcta e equilibradamente e recurrido á avaliación continua e informada como fórmula de mellora continúa.

Puntos fortes e puntos febles do programa.

Puntos fortes

- ✓ A continuidade do programa, que durante todos estes anos mantivo a súa estrutura e intensidade, malia os continuos cambios orzamentarios e de temporalización.
- ✓ Os elementos definitorios do programa como a metodoloxía, os criterios de traballo, o traballo en equipa, a coordinación, que fan posible a resistencia do programa.
- ✓ O coñecemento do programa, o afianzamento das relacións e apoio amosado polos Centros Educativos posilita que, a pesares das circunstancias, se realizara o proceso de coordinación, comunicación continuada e derivacións e xuntanzas con axilidade e eficacia facilitando e valorizando o traballo levado a cabo desde o Plan Comunitario.
- ✓ A presenza de menores de edicións anteriores facilita as novas incorporacións ao programa no total de destinataries. O que posibilita a incorporación inmediata de hábitos, rutinas e normas consensuadas no programa para finalmente ser asimiladas e interiorizadas de maneira grupal.
- ✓ O coñecemento do contexto global de desenvolvemento de menores desde a óptica familiar, social, escolar, entorno máis próximo...
- ✓ O prestixio e valoración positiva no boca a boca entre destinataries directes e indirectes, familias e profesionais, propicia o achegamento de destinataries reais e potenciais.
- ✓ A continuidade do persoal de referencia tanto no PCT coma nos diferentes recursos en xeral, propicia e posibilita o coñecemento e dominio do programa entre profesionais implicades.

Puntos Febles

- A situación sanitaria derivada da pandemia, repercutiu no illamento social de menores e familias xa de por si en previo perigo de exclusión social. A falta de interacción social en idades claves para o desenvolvemento persoal e social, provocou dificultades de relación e incidencias relativas a normas cívicas de relacións positivas.
- A difícil situación económica e social da maioría das familias destinatarias do programa, facendo partícipes das diversas problemáticas derivadas desta situación aos seus/súas fillos/as pese a súa corta idade, o que lles ocasiona preocupacións e altibaixos nas condutas aos/ás máis pequenos/as e ás que evidentemente non saben como facerlle fronte.
- A complexidade e o aumento das dificultades do trato directo coas familias, nos casos nos que interveñen numerosos axentes sociais (profesionais do traballo social, educación social, da psicoloxía, etc...)
- A carencia de recursos unida as dificultades propias da pandemia, ocasionaron enormes dificultades para acudir a actividades de ocio e tempo de lecer.

Propostas de mellora continúa

Para presentar propostas fundamentadas e concretas de mellora, contouse coa intervención de axentes implicades co fin de garantir a lexitimidade das propostas, baseándonos ademais nos resultados (cuantitativos e cualitativos) obtidos nas avaliacións.

As propostas foron relizadas metodolóxicamente en base a tres eixos: Reafirmación de acertos, corrección de deficiencias e formulación de novas iniciativas.

- ✚ A complementariedade do programa implica a participación de axentes sociais, pólo que non se pode entender sen a coordinación efectiva de todes, tentando superar obstáculos que teñen que ver mais con dinámicas estruturais dos servizos que coa propia evolución e tratamento dos casos.
- ✚ É indispensable neste tipo de programa, manter a súa continuidade e estabilidade, adaptándose ás datas do ano escolar.
- ✚ O proceso evolutivo de menores non acaba no ano escolar, por iso é fundamental a continuidade con actividades que cubran parte do período vacacional, para garantir a consecución dos obxectivos a medio e longo prazo.
- ✚ Intensificar o traballo coas familias e potenciar a súa participación, e imprescindible para facer fronte as necesidades educativas, e nalgúns casos, precisan unha preparación previa, real e efectiva; coa que empoderarse e que permita achegarse a recursos fundamentais para o desenvolvemento de menores (centro educativo, centro de saúde, apoios pedagóxicos, actividades de lecer,...).
- ✚ A calidade da intervención con menores melloraría considerablemente se fose posible realizar máis saídas e actividades fora do entorno coñecido, permitiría a interacción e integración normalizada e normalizadora noutros espazos e con outros membros da comunidade.

APunto Teis

Itinerarios de inserción sociolaboral

Memoria 2020/2022



Orde do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2020,2021e 2022 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).

Xustificación da actuación.

Dadas as características poboacionais do barrio e a súa situación socioeconómica, tal e como se desprende dos datos obtidos na diagnose comunitaria realizada por esta entidade, algúns sectores da mesma -entre os que destacan os mozos e mozas de entre 16 a 26 anos- precisan abordar a súa vulnerabilidade a través dun programa de intervención integral a nivel comunitario que permita:

↳ Fortalecer o estado afectivo-emocional das persoas destinatarias, para provocar nelas o desexo de mellora nos aspectos socioeducativos, ocupacionais e/ou laborais como paso inicial para acadar autonomía nas súas vidas.

↳ Previr e/ou minimizar o risco de exclusión social destes sectores poboacionais. □ Facilitar o seu acceso normalizado ao mercado de traballo. (competencias, aptitudes e habilidades básicas e alternativas ao desemprego)

↳ Fomentar e motivar o seu retorno e/ou inicio a accións formativas que faciliten o seu acceso ao mercado laboral nun futuro, así como reforzar a autoestima das participantes mediante a consecución de obxectivos establecidos previamente e de mútuo acordo.

↳ Potenciar e fortalecer a rede social e comunitaria establecendo canles relacionais de apoio e seguemento continuado.

Se contemplamos a conxuntura actual, trala situación de emerxencia e o estado de alarma no que aínda estamos inmersos, é xa un feito a importancia que cobra a variable integradora do traballo e as disfuncións que se poden establecer nas relacións en redes familiares e de socialización. Estase a evidenciar un significativo aumento da vulnerabilidade, provocado fundamentalmente polo desemprego, ou ausencia del, e/ou a precarización do traballo (ademáis da desvinculación do sector máis xoven con respecto a súa formación/educación formal e/ou ocupacional).

Esta situación está a provocar un aumento na inestabilidade sociolaboral e relacional na xente máis nova e tamén a desestabilización dxs que ata o de agora estiveran perfectamente integradas con relación ao traballo, mesmo que este fora precario. A destrución de emprego que se está a producir, así como a falta de accións formativas (incluso de forma telemática) ás que poder optar, limita as expectativas laborais e as oportunidades de acceder a un posto de traballo, o que pode ocasionar que se pase dunha situación de vulnerabilidade a unha situación de exclusión dunha maneira inminente.

Os condicionantes de idade, xénero, orixe/procedencia e recursos influirán directa e expoñencialmente neste proceso, e os/as mozas e mozos sufrirán en maior medida a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e situacións de desemprego, así coma un acusado déficit de acceso á información e participación social e de cidadanía (máis aínda logo de ter estado illados/as durante o período do estado de alarma).

O traballo con estes sectores poboacionais na prevención de posibles situacións ou riscos de exclusión, é unha conta pendente a nivel comunitario no barrio de Teis que quedou patente no proceso diagnóstico levado a cabo por esta entidade; tanto polo que concirne a dificultade de conseguir a súa participación, como pola lonxanía na que se sitúan no mapa relacional dos colectivos sociais, organizacións e institucións presentes no barrio. Distancia que pode verse afectada pola fragilidade/vulnerabilidade propia do perfil ao que se dirixe o programa (por idade e por déficits de habilidades socioeducativas), xa que se atopan desorientadxs, desubicadxs, cara a un futuro sociolaboral no que a incetidume é o factor común da nova situación de alarma e post alarma, e que poderá ser máis acuciantes neste sector poboacional.

Este é un programa integral, que une as intervencións complementarias dos servizos sociais comunitarios nun proxecto de inclusión social; asentando estas intervencións nas propias forzas e recursos da comunidade, mellorando a súa organización, coordinandoos, optimizandoos e mobilizandoos, na medida do posible, na busca de alternativas viables

de traballo, fomentando en moi diversos eidos (no convencemento de que a integración abrangue aspectos moi diversos) a implicación das persoas na rede (a través da coordinación e cooperación cos servizos sociais e outras entidades ou axentes sociais participantes) e facilitando, a través do establecemento de itinerarios -con tutorización e seguimento- a incorporación social (ou mellor dito, nestes momentos de incertidume, reincorporación á vida social, educativa e laboral) das persoas en situación de desvantaxe e /ou exclusión, reducindo así a vulnerabilidade.

Obxectivos.

Obxectivo xeral.

Implementar actuacións integrais de carácter transversal nos ámbitos da inclusión sociolaboral: coordinación, educación e formación, inserción laboral, acción social e orientación-información.

Obxectivos específicos.

Reforzar aspectos do estado emocional e relacional de **mozos e mozas** participantes.

Mellorar as aptitudes básicas dos **mozos e mozas** do barrio en situación ou risco de exclusión social.

Realizar seguimento e tutorización de **mozos/as** do barrio en situación ou risco de exclusión social.

Dotar, aos e ás **mozos** en situación ou risco de exclusión, de competencias e contidos básicos que permitan o desenvolvemento das súas capacidades persoais e sociais como paso previo para un acceso normalizado ao mercado de traballo.

Diminuír os desequilibrios existentes na situación de partida das **mulleres e homes** participantes.

Evitar, na medida do posible que reproduzan discriminacións, estereotipos nen prexuízos por razón de sexo.

Implicar á comunidade no proceso de incorporación social e laboral dos **mozos e mozas** en situación de risco ou exclusión social.

Crear un espazo comunitario de referencia para o xente novo do barrio.

Recursos empregados.

Recursos humanos:

Persoal contratado:

Unha coordinadora (Trabaladora Social) responsable da coordinación xeral e da integralidade do programa. Encargada da programación, organización e coordinación inicial con institucións, entidades e empresas colaboradoras do programa así como da selección de persoal. Durante todo o período da subvención, cunha adicación horaria dun total de 901 horas.

Dúas educadoras sociais no período do curso teórico, seguimento das actuacións e responsables do programa. Unha delas no período 2020-2021 cunha adicación horaria total de 584 horas; outra no período 2021-2022 cunha adicación horaria total de 987 horas.

Persoal colaborador:

2 orientadoras laborais do SEPE.

Un orientador laboral do Concello de Vigo.

Outros/as profesionais dos servizos do barrio.

Recursos materiais:

Local do Plan Comunitario (cedido pola parroquia Jesuitas).
Sala multiusos para atención grupal
2 despachos para atención individual
Aula con equipamento informático (4 ordenadores fixos e 3 portátiles)
Computador, teléfono, proxector...
Material de oficina
Material específico en cada módulo (carpetas, bolígrafos, rotuladores, e folios).

Actuacións desenvolvidas.

A.- COORDINACIÓN TÉCNICA PARA OS ITINERARIOS DE INSERCIÓN:

Xuntanzas organizativas:

Servizos Sociais comunitarios municipais no barrio (UTS TEIS/UTS TRAVESÍA).
Recursos Asistenciais do barrio (Alborada Centro de Menores, Unidade Asistencial Alborada, Arela).
Institutos, Colexios e Servizos do barrio.
Institucións xuvenís de ámbito local (municipal).
Selección de mozas/os derivadas/os.
Elaboración/preparación dos contidos.
Deseño de Itinerarios de Inserción Sociolaboral Personalizados.
Xuntanzas cos e cas colaboradoras profesionais (pedagogo, etc...).
Elaboración de Convenio de Colaboración coas entidades/colectivos.

B.- ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADOS:

Desenvolvemento e Realización de Itinerarios de Inserción Sociolaboral Personalizados:
-Contemplando en cada un dos casos a posibilidade de adaptación aos perfís das persoas participantes, ofrecendo e consensuando ben o comezo do itinerario individualizado de maneira individual; ben realizando tamén os módulos formativos de maneira grupal como complemento e apoio dentro do itinerario.
Realización de accións formativas para a adquisición e mellora de habilidades sociais e hábitos prelaborais.
Acompañamento social. Co fin de reforzar o itinerario daqueles/as participantes que optaran polas opcións de acceso a un emprego ou a formación de carácter laboral.
Acompañamento en accións prelaborais (prácticas en empresas, entrevistas previas a contratación).

Contacto coas entidades, colectivos para a realización de prácticas prelaborais de ser o caso.
Titorizaxe e seguimento personalizado das/os mozos e mozas do programa.

1.- MÓDULO HABILIDADES SOCIAIS

Coñecemento e interrelación grupal. Dinamización do grupo.
Comunicación, axentes, tipos...

Habilidades sociais, concepto, variantes.
Resolución de conflitos e convivencia pacífica.
Entrenamento en HH.SS. e conduta prosocial.
A autoestima.
A xestión emocional.
Etc..

2. MÓDULOS DE HABILIDADES PRELABORAIS E INFORMÁTICA.

Adestramento en hábitos de traballo e disciplina (respecto de horarios, acatamento de ordes, continuidade e compromiso na asistencia, asunción de responsabilidades e organización autónoma...)

Orientación laboral.

Busca activa de emprego utilizando as TICs.

Elaboración de ferramentas e documentos para a búsqueda de emprego como o Curriculum Vitae ou a carta de presentación.

Adestramento para a entrevista persoal e fomento de estratexias e implementación das habilidades aprendidas.

Xestión dos recursos, manexo da información.

Orientación no autoemprego.

Bolsas de emprego.

Utilización das TICs na busca de emprego:

Suites ofimáticas libres, Open Office.

Redes sociais e a súa utilización como recurso na busca de emprego. Páxinas web, bolsas de emprego.

Utilización doutros cursos formativos *on-line*.

3. PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS

Conseguíuse a colaboración con Carrefour pero non foi posible por 2 razóns, unha a situación sanitaria derivada da Covid-19 e debido a condicións nos perfís das persoas usuarias que facían incompatible comezar esas prácticas, como ser menor de idade ou atoparse en situación de irregularidade.

C.- TITORIZAXE E SEGUIMIENTO DOS ITINERARIOS DE INSERCIÓN:

Seguimento dos Itinerarios de Inserción Personalizados:


Titorizaxe e seguimento personalizado das/os alumnas/os: titoría, asesoramento, acompañamento e seguimento persoal presencial e telemático.

Titoría e seguimento virtual. Creouse unha conta de correo electrónico onde os formadores solicitaban exercicios e eles/as contestaban ás correccións. Aproveitouse este método para practicar o manexo do correo electrónico, unha habilidade que só tiña adquirida con anterioridade unha minoría dos/as participantes. A maiores do traballo implementado de maneira presencial tamén se realizou unha carga horaria extensa á titoría e seguimento telemático mediante diversas vías, como por exemplo mediante a vía telefónica, habilitándose varias tarxetas móbiles para poder realizar dita tarefa coas persoas participantes nos momentos de maiores restricións e limitacións de convivencia grupal e interacción social por mor da situación sanitaria. Posteriormente tamén se contactou por vías telemáticas como o Whats App posto que facilitou en moitas situacións e perfís de participantes a comunicación, o seguimento e a posibilidade de garantir un seguimento e acompañamento de calidade.

Modo de selección de participantes.

O perfil para este tipo de actuacións que requiren dun itinerario personalizado, precisan de derivacións moi concretas e racionalizadas cara ao aproveitamento total das accións. Por este motivo, trala derivación fixéronse entrevistas individualizadas para coñecer a os posibles participantes, onde eles/as se presentaban e indicaban o que estaban a facer nese momento ou o que tiñan en proxecto. Unha vez coñecidos os casos, tras unha profunda reflexión estableceuse a priorización de rapaces e rapazas que máis se axustaban ao perfil que se requiría para os itinerarios, ao tempo que se valoraba a pertinencia de que fora un itinerario individualizado e/ou grupal en función das propias necesidades das dos participantes.

As derivacións foron priorizadas de antemán polos/as profesionais de referencia como se reflicten gráfico:



d) Metodoloxía do programa:

A metodoloxía foi a propia das iniciativas comunitarias: participativa, activa e flexible en todo o proceso, de tal xeito que a coordinación e cooperación entre todas/os as/os axentes implicadas/os convertíuse no método de traballo propiamente dito, habilitando canles de comunicación directa entre as persoas, cubrindo os ocos aos que a administración non chega e apostando pola calidade da intervención. Isto permitiu realizar os itinerarios personalizados de aprendizaxe adaptado ás necesidades da poboación destinataria, axustando á coxuntura actual na que as diferentes actividades/módulos adquirirán un novo peso específico e focalizarán -segundo proceda- o desenvolvemento de accións dirixidas por unha banda, a mellorar o seu estado emocional (coma paso previo para traballar o proceso de cambio); e por outra, á formación nas TICS como ferramenta de traballo e recurso metodolóxico, tamén para elxs;

Esta metodoloxía implica una achega diferencial /innovadora do programa que ten que ver cos elementos definitorios do mesmo: os criterios de traballo, o traballo en equipo, a coordinación, que fan posible a resistencia do programa. O coñecemento do programa, o afianzamento das relacións, o apoio mostrado por profesionais-colectivos-entidades ao programa porque dá unha resposta integral desde unha visión holística e comunitaria da inclusión e contempla as diferentes posibilidades de apoio (emocional, formativo, sociolaboral, comunitario, integrador, global).

O programa pretende resolver a falta de visión global e coordinación real entre Institucións/SS. SS/entidades sociais/colectivos nas intervencións, necesaria para afrontar a situación actual de extremo risco de exclusión social activando mecanismos de participación e estratexias socioeducativas, formativas e ocupacionais/laborais efectivas.

Conseguíuse activar unha forte rede estruturada de intervención que permite o establecemento de recursos e protocolos de actuación conxuntos, coordinados, con profesionais/colectivos/entidades do barrio.

A transversalidade e interconexión de todos os programas do Plan comunitario de Teis permite potenciar a integración e interacción dos **mozos e mozas** na súa contorna (barrio de Teis) o que posibilita o **óptimo** desenvolvemento do programa e a **mellor** consecución dos resultados desexados na evolución emocional, relacional, social e ocupacional dos e das participantes.

Para preservar o enfoque de xénero, valorouse con elas o punto de partida e analizouse conxuntamente coas **mulleres** participantes, o seu currículo oculto, cara garantir a valoración de todas as súas **competencias, capacidades e experiencias** adquiridas ao longo da súa vida, ligadas ou non a contornas laborais.

Tentóuse en todo **momento** adaptar e complementar as necesidades prácticas (**máis** inmediatas) e as necesidades **estratéxicas** (a **medio-longo** prazo) que permitiran una **mellor** evolución no itinerario comezado.

Adaptáronse os horarios, **sempre** tendo en conta, as necesidades individuais e grupais de **mulleres e homes**.

Á hora de **transmitir** a **información**, realizouse un uso non sexista da linguaxe e as **imaxes** (transmisoras de **modelos**) reforzando, na **medida** do posible, as **imaxes** de **mulleres** que contribúen a rachar cos falsos estereotipos sexistas; e revisáronse os contidos para **eliminar** os estereotipos sexistas e a utilización inadecuada da linguaxe.

Introducíronse contidos e accións **complementarias** sobre os **desequilibrios** de xénero no ámbito **sociofamiliar** e laboral, dentro do desenvolvemento do proxecto/itinerario.

Lugar onde se realiza e descrición das instalacións.

Local do Plan Comunitario, cedido en uso a través de contrato en precario, que está habilitado cunha sala inferior **multiusos**, idónea para calquera tipo de actividade grupal; dous despachos independentes para facilitar a **privacidade** que require a atención individual e unha aula con equipamento **informático** (4 ordenadores fixos e 3 portátiles) que permite a **formación** dixital básica e o desenvolvemento de **tarefas formativas** xa que está provista **tamén** de encerado e (ao **mesmo** que ocorre coa sala **multiusos**) pódense realizar **proxeccións**, de ser o caso.

Outros datos de interese (asistencia, número de baixas, motivación, dificultades etc.) desagregados por sexo.

As dificultades da situación no contexto **Covid**, incidiu de **maneira** directa e agravaron o desenvolvemento de **hábitos**, **acatamento** de **normas e límites** e **mesmo** a **disfunción** na **supervisión familiar** **nagún/alguna** des **participantes**. Isto repercutiu **considerablemente** na **regularidade** da **asistencia** presencial. **Pese** a todo o **seguimento** e **mesmo** **algunhas** das **actividades** **puderon** realizarse de **maneira** virtual, o que **permitiu** dar **maior** **flexibilidade** á **asistencia** aos **módulos** de **maneira** grupal (telemática por **videochamda**) e o **seguimento** dos **itinerarios** de **maneira** individual.

Esta **flexibilidade**, **permitiu** **tamén** a **adaptación** do programa a **perfis** de **participantes** que debido a outras **vivencias** externas de **incompatibilidade** horaria grupal, como **traballos, cargas familiares, etc.** **puderon** iniciar o seu **itinerario**. **Poucas** das **persoas** derivadas, non iniciaron **itinerario** e non se produciu **ninguna** **baixa** ata o **final** do programa. **Un** **número**

baixo de abandono temporal, poderan iniciar o programa en próximas semanas, tal e coma se estipulou con eles, tentando respectar os ses ritmos vitais.

Coordinación con outros dispositivos (equipos de inclusión, servizos sociais comunitarios, outras entidades etc.)

Durante o desenvolvemento do programa traballouse en coordinación coas seguintes entidades e servizos para posibles derivacións, información e seguimentos continuados: Unidade de Traballo Social do Concello de Vigo para zona Teis.

- Unidade de Traballo Social do Concello de Vigo para zona Travesía de Vigo.
 - Oficina de emprego. Servizo Público de Emprego de Galiza en Teis.
 - Centro de día e atención ao menor Alborada.
 - Unidade asistencial de Alborada.
 - Fogar San Xosé
 - Seixo
-
- PIF (programa de intervención familiar municipal)
 - Emaús
 - SOS Racismo
 - Diversidades
 - CIEMA Arela
 - Traballadora Social do Centro de Saúde.
 - Comunidade de Montes de Teis.
 - Centros de ensino: contacto e coordinación coas orientadoras dos centros IES de Teis e CIFP Manuel Antonio
 - Secretariado Xitano
 - ForGA Vigo, contacto cunha orientadora laboral
 - Fundación laboral de la construcción
 - ASIME

Para a fase de Prácticas en empresas, adquiriron o compromiso de firma do convenio correspondente as seguintes empresas:

Empresa Carrefour S.A. (R/ Travesía de Vigo 202 - Teis, Vigo).

4. Datos relativos ás persoas participantes


a) Perfil:

1º. Clasificación segundo o sexo (número de homes, número de mulleres).




2º. Clasificación segundo idade (por sexo).

Mulleres: clasificación por idades




Homes: clasificación por idades




3º. Clasificación por nivel de estudos (por sexo).

Nivel de estudos mulleres




Nivel de estudos homes




4º. Clasificación segundo pertenencia a colectivo de especial vulnerabilidade (inmigrantes, minorías étnicas, seneiteo etc.) por sexo.

Colectivos de especial vulnerabilidade




Colectivos de especial vulnerabilidade por sexos



5º. Clasificación por situación laboral e sexo.

Situación laboral por sexo



5. Avaliación cualitativa da actuación.

a) Grao de cumprimento de obxectivos:

Ver punto d) deste epígrafe no que se desglosa o cumprimento de obxectivos.

b) Protocolo de seguimento de actuacións e participantes.

Logo da derivación inicial mántense un contacto continuo coas profesionais de referencia, emitindo informes de asistencia, informes de seguimento e tómanse todas aquelas accións requiridas para un seguimento real que permita reconducir aquela situación que sexan máis complexas e /ou requiran dunha supervisión máis detallada. A consolidada relación entre profesionais que traballan no territorio permite contactos presenciais, via mail ou mesmo telefónicos que poidan reconducir de maneira inmediata as dificultades que poidan ter as persoas derivadas. Unha vez rematadas as actuacións, emítese un pequeno informe de resultados que se lle envía as profesionais de referencia para que conste no seu expediente.

c) Valoración do alumnado/persoas participantes/usuarias.

Nas avaliacións finais cos e coas persoas participantes, en xeral, xeral todos amosan satisfacción e moita mellora na búsqueda activa de emprego e no coñecemento e uso das novas ferramentas informático-virtuais e una evolución moi favorable nas habilidades prelaborais e control das entrevistas laborais.

En canto ás habilidades sociais e competencias persoais, hai que subliñar ue aqueles/as participantes que asistiron as actividades grupais, foron adquirindo una maior capacidade de comunicación e mellorando, segundo a súa percepción, as súas habilidades de socialización.

A maioría, dos e das participantes, teñen una valoración positiva, e mesmo moi positiva do programa e das profesionais que o imparten. En 3 das participantes foi negativa ou indiferente.

As e os participantes amosaron un grao medio-alto de satisfacción cos itinerarios realizados e un grao medio-alto de satisfacción coa actividade formativa.

d) Resultado de indicadores de avaliación.

Obxectivo 1 e 3:

90% Adquisición de habilidades sociais.

90% Superación de habilidades prelaborais.

25% Diminución condutas e comportamentos sexistas dos e das participantes.

80% Asimilación de contidos, según módulos.

80% Aproveitamento normalizado das actividades.

85% do total dos itinerarios de inserción inicialmente deseñados levados a termo, fronte ao

15% de abandonos temporais.

Obxectivo 2:

53 de mozas e mozos derivados dos servizos.

6 de mozas e mozos da poboación xeral - senda derivación previa.

49 de mozas e mozas tutorizadas.

100% de seguimentos realizados.

Obxectivo 4 e 5:

Grao de implicación das mozas nas actividades laborais tradicionalmente masculinas e viceversa. Medio

Grao de satisfacción coas medidas de conciliación (flexibilidade, adaptación horaria...) ofertadas. **Alto.**

Grao de modificación de crenzas e actitudes con respecto ás características e requirimentos do mercado laboral, baixo a perspectiva de xénero. **Medio-baixo**

Obxectivo 6 e 7:

100% Coordinación, cooperación e complementaridade cos colectivos, servizos sociais e profesionais colaboradores.

5% Poboación xeral implicada.

75% Colectivos, servizos sociais e profesionais colaboradores.

4 empresas contactadas/ **1** empresas participantes.

Conclusións. Aspectos que destacaría como boa práctica.

En xeral, e pese ás dificultades iniciais do programa, conseguíronse os resultados esperados, e reducíronse os desequilibrios existentes na situación de partida das mozas e mozos participantes. O máis sublimable é a idoneidade da metodoloxía participativa eleixida, especialmente como axuda para o aumento da autoestima das persoas participantes, no referido a súa interacción social e afrontamento ante dificultades, xa que a metodoloxía utilizada, permitiu:

A adaptación das accións e ferramentas comunicativas ao contexto covid, a través de videochamada, traballo en aula virtual para entrevistas etc. Sen que repercutirá na calidade e cercanía á que estaban acostumados no contexto precovid.

A flexibilidade e adaptación horaria de actuacións, a coordinación e seguimento continuo e transversalidade e permeabilidade con outros programas da entidade.

Incorporación das tecnoloxías para a comunicación utilizando as ferramentas telemáticas e comunicativas máis próximas ou de uso máis común en perfís de participantes sen hábitos, que non están acostumados a aparecer ou coler o teléfono e chamar, e o whatsapp, as video chamadas e os contactos virtuais, facilitaron o contacto, e mesmo a aprendizaxe de normas cívicas, informar non asistencia, planificación e organización dos tempos e tarefas a realizar de maneira máis efectiva e mellorar na asunción de responsabilidades.

A incorporación de contidos non sexistas, promoción da conciencia crítica e fomento da autonomía coñecendo melloros recursos do barrio e da cidade de Vigo en xeral

Sinalar que promover a motivación, naquelas persoas que se atopan en situación irregular faise cada vez máis complicado, e habería que ter este dato en conta, para novas edicións, xa que non só os/as participantes entran nun estado de frustración inmovilizante, senón que as propias profesionais teñen moitas dificultades para ofrecer alternativas reais á súa situación e véñense incapaces de mellorar a súa situación de especial vulnerabilidade inicial.

Tamén, e xa como remate, incidir en que dado que se está a ver un aumento da

poboación de minorías étnicas na solicitude de participación (sobre todo na poboación feminina) terásese que artellar algunha estratexia de actuación que permita superar unha serie de dificultades relacionadas co seu universo de valores, status e rol dentro da familia que limitan as súas oportunidades á hora acceder ao mercado laboral o que fai que sexa unha prioridade empodelas incrementando a súa autoestima, autoconcepto e motivación cara ao emprego e por conseguinte, cara á súa independencia e/ou autonomía, e poidan así abandonar os "mandatos de xénero" na asunción de responsabilidades familiares. Facilitar este proceso pode marcar a diferenza entre que prosigan a súa formación laboral con éxito (saíndo do seu limitado círculo cultural e sociofamiliar) ou que sexan outro nº máis de mulleres xitanas que, ao non poder cumprir ás súas expectativas quedan a mercé dos tradicionais roles que culturalmente teñen asignados cronificándose na súa dependencia.



MEMORIA

Programa Integral "Alfabetización para mulleres de orixe estranxeira"

2020/2022



Orde do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2020,2021e 2022 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).

Programa Integral "Alfabetización para mulleres de orixe estranxeira"



1. Obxectivos

- Avaliar a consecución de obxectivos do programa en todas as áreas de actuación.
- Avaliar resultados esperados do programa en todas as áreas de intervención.
- Avaliar o impacto do programa, con especial atención as necesidades estratéxicas.

2. Avaliación

- I. Avaliación inicial (observación directa e fichas de campo)
- II. Avaliación continua (reunións da equipa técnica de detección de posibles necesidades)
- III. Avaliación final (ao remate do ano escolar, comprobación da evolución das participantes e de que xeito se cumpriron os obxectivos previstos).

O punto de partida da implementación do programa ten o seu inicio no primeiro contacto coas mulleres participantes, sendo oito dende un comezo, engadíndose ao grupo outra compañeira máis no mes de decembro e finalmente, outra máis a catro sesións da finalización da implementación do programa no curso 2020/2021 podendo acollela como nova participante tras a mellora da situación sanitaria.

Destas oito mulleres, en relación cos niveis de aprendizaxe reflexados no documento do Programa, inicialmente tres pertencerían ao Nivel 1, catro ao nivel intermedio e unha ao nivel dous. Tras as primeiras sesións de achegamento ao grupo e varias reunións entre o equipo técnico, decídese que sexa así e mantense a asignación anteriormente citada, xa que a observación directa e as diversas fichas de campo así o amosan. Mencionar tamén, que dentro dos diversos niveis atópanse diversos graos de aprendizaxes e habilidades cognitivas previas dende as que partir, como son a maior ou menor adaptación e comprensión de explicacións ou evolución nos aspectos a traballar.

En relación ás enquisas de satisfacción e avaliación feitas polas participantes todas analizan: (1) estar satisfeitas co programa e (2) precisan mellorar a súa linguaxe aprendendo e falando máis.


No período correspondente ao ao 2021-2022, tras unhas breves semanas o grupo está formado por 10 participantes, sendo 6 o número de participantes da anterior etapa e engadindo 4 novas participantes, sendo 3 de orixe senegalés e unha de procedencia rumana.

Do total de participantes en relación cos niveis de aprendizaxe reflexados no documento do Programa, 4 pertencerían ao Nivel 1, 3 ao nivel intermedio e 3 ao nivel dous. Mencionar tamén, que dentro dos diversos niveis atópanse diversos

graos de aprendizaxes e habilidades cognitivas previas dende as que partir, como son a maior ou menor adaptación e comprensión de explicacións ou evolución nos aspectos a traballar.

En relación ás enquisas de satisfacción e avaliación feitas polas participantes todas analizan: (1) estar satisfeitas co programa e (2) precisan mellorar a súa linguaxe aprendendo e falando máis.

% de participantes por niveis



AVALIACIÓN FINAL


Unha vez finalizada a implementación do programa no curso 2020/2021, ao igual que no 2021- 2022, a equipa técnica reuniuse coa fin de avaliar os logros e as dificultades atopadas, as como analizar en que medida se acadaron os obxectivos fixados no programa e en que grao se conseguiron os obxectivos previstos. Para isto foron empregados os diversos indicadores e ferramentas sinaladas no documento do programa e os resultados² son os seguintes que se amosan a continuación, e que poden separarse en Habilidades comunicativas básicas: expresar sentimentos e emocións como molestia ou dor, expresar incompreensión ou poder facer preguntas básicas, saber presentarse,

² En todo momento e debido aos sucesos extraordinarios debido á situación sanitaria, é de relevancia sinalar que de maneira transversal ás actividades, e diversas cuestións a analizar nos seguintes apartados, isto supuxo un hándicap a ter presente en todo momento, tanto no aforo permitido como na dificultade para poder implemetar actividades externas, sempre en relación as limitacións correspondentes

1. DERIVACIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Das dez mulleres participantes do programa, nove foron derivadas polos Servizos Sociais, agásunha que é unha usuaria por contacto e continuidade coa entidade.

Nº de mulleres de orixe estranxeiro derivadas dos Servizos Sociais



2. ADQUISICIÓN DE CONTIDOS SEGUNDO NIVEIS

Ítems de avaliación de niveis

Nivel 1

- Coñecer as letras do abecedario, a reproducilas e identificalas
- Mellorar a grafía e escritura
- Iniciación á lectura comprensiva
- Adquisición de vocabulario básico
- Operacións matemáticas básicas
- Comunicación básica

A mellora das participantes ratifícase no 100% das integrantes, detectando as seguintes dificultades e aspectos a mellorar:

- Maior reforzo a aquelas que presentan dificultades para a aprendizaxe e a súa evolución é máis lenta.
- Necesidade en todas as participantes deste nivel de alfabetizarse en cuestións básicas relacionadas coas matemáticas: aprender ben os números, e sumas e restas básicas.

Nivel intermedio

- Mellorar a escritura naquelas persoas que presentan dificultades
- Mellorar a expresión oral
- Acadar un nivel intermedio de comprensión lectora⁵
- Operacións matemáticas intermedias⁶
- Aprendizaxe de novo vocabulario
- Habilidades comunicativas intermedias

A mellora das participantes ratifícase no 100% das integrantes, detectando as seguintes dificultades e aspectos a mellorar:

- Necesidade de seguir traballando a comprensión lectora, sendo unha das maiores dificultades atopadas.
- Fomentar a súa autonomía en diferentes ámbitos da vida diaria como a cumplimentación de informes e rexistros.
- Contribuír á mellora do vocabulario mediante a gramática para que poidan articular mellor a súa expresión oral.

Nivel 2

- Nivel de escritura e regras ortográficas medio-alto⁷
- Mellorar a expresión oral realizando conversas
- Acadar un nivel medio-alto de comprensión lectora⁸
- Mellorar as habilidades comunicativas e de escoita medio-alta⁹
- Operacións matemáticas avanzadas¹⁰
- Mellorar o vocabulario de diversos ámbitos
- Aprender diversos contidos de gramática¹¹


A mellora das participantes ratifícase no 100% das integrantes, detectando as seguintes dificultades e aspectos a mellorar:

- Fomentar a súa alfabetización dixital xa que detéctanse dificultades á hora da súa autonomía ou desenvolvemento coas mesmas.
- Contribuír á mellora do vocabulario mediante a gramática para que poidan articular mellor a súa expresión oral.

3. ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS RELACIONAIS/FUNCIONAIS CON RESPECTO AO IDIOMA

Segundo os rexistros realizados, a observación diaria na implementación das sesións e o test de adquisición de contidos, analízase que, se ben de diferente modo según as competencias e as diversidades entre as participantes identificando diferentes graos de mellora, todas adquiriron competencias que fomentan a súa mellora relacional grazas ao traballo do idioma, así como na propia vivencia das sesións nas que se crearon lazos de vínculo positivo entre as mulleres de orixe estranxeira do barrio. Como pode verse en diversos apartados, isto pode comprobarse mediante o seu análise de satisfacción e os resultados obtivos.

Percepción das participantes sobre a súa mellora (puntuación do 1 -nada ao 5-moito)




4. DIMINUCCIÓN DE CONDUCTAS E COMPORTAMENTOS SEXISTAS NAS PARTICIPANTES


En relación a este indicador cabe facer mención de que se ben é certo que se traballou de maneira transversal directa (por exemplo, en datas sinaladas como o 8M sobre o que reflexionamos sobre a situación das mulleres no mundo, barreiras para a igualdade etc.) e indirectamente (coa aportación de contidos con perspectiva de xénero, por exemplo, modificando dictados e outros materiais que fan referencia a estereotipos e roles de xénero, transmitindo informacións igualitarias entre outros), poderíase dicir que debido ao pouco marxetemporal para adicarlle a isto e polas diversas culturas e relixións propias das persoas participantes, non se pode afirmar que esa diminución sexa notoria, xa que precisaría dunha intervención específica e máis concreta en tempo e temáticas, aínda distantes debido á problemática do idioma.

Sintetizando, todas as participantes do programa recibiron información en materia de xénero e concienciación, máis só 5 realizaron unha comprensión e reflexión sobre o traballado en desigualdade e barreiras. Pese a todo e sabendo que isto non é unha cuestión que se mude nuns meses a percepción tras a observación e implementación é boa posto que a totalidade de mulleres recibiron información, coñeceron mulleres referentes do seu lugar de orixe e indirectamente empregaron contidos non sexistas. A maiores, considérase que a actuación conxunta coa FEPP-Sedra foi moi positiva, xa que se traballou a saúde sexual, emocional, o bo trato e en definitiva, cedeuse o espazo para que tivera lugar un espazo seguro e de confianza no que tamén aprender e poder poñer en común cuestións tan importantes como o benestar emocional das mulleres e a sexualidade, favorecendo ao mesmo tempo a comunicación, o sentimento e poertenza ao grupo así como coñecer novos recursos e normalizar falar sobre estes ámbitos dende unha perspectiva de xénero, tendo en conta a súa condicións de mulleres migrantes en situacións de vulnerabilidade.

DIMINUCIÓN SEXISMO 1. Acceso a información



DIMINUCIÓN SEXISMO 2. Reflexión e interiorización



5. APROVEITAMENTO NORMALIZADO DAS ACTIVIDADES

Periodo 2020: 07/10/2020 a 30/11/2020 34 hrs. de implementación directa do programa
Periodo 2021: 01/12/2020 a 30/11/2021 144 hrs de implementación directa do programa
Periodo 2022: 01/12/2021 a 30/06/2022: 112 de implementación directa do programa

No periodo 2021-2022 aumentouse en 30 minutos a atención pasando de 2hrs diarias os luns e mércores, a 2,30 horas.

Coincidindo co comezo dos periodos vacacionais, realizáronse sesións de 3 horas de duración, nas que se fixo un repase de todos os contidos dados ata o momento e aproveitouse para pequenas celebracións que reforzaron a cohesións grupal e a identificación como grupo.

A asistencia e aproveitamento baseada no rexistro de asistencia diario, foi en xeral, moi satisfactorio, pese a que alguna das participantes non foron quen de asistir regularmente, o que pretende reconducirse en próximas edicións. Pese a todo conseguíuse que o 50% das participantes (5 en total) asistirán durante todo o periodo de implementación a casi totalidade das horas (256 hrs sobre 290 hrs).

6. COORDINACIÓN, COOPERACIÓN E COMPLEMENTARIEDADE COSCOLECTIVOS, SERVIZOS SOCIAIS PROFESIONAIS COLABORADORES/AS

Debido á dificultade que supuxo a COVID-19 para manter a seguridade nos espazos, a redución de aforos, a gran variedade de servizos traballando de modo telemático e respetando as diversas restriccións non puideron organizarse todas as actividades externas desexadas para o periodo 20-21.

No referido ao 2021/2022 realizáronse máis actividades con interacción social e outros colectivos. Exemplos disto foi a realización da segunda parte do obradoiro de sexualidade e saúde de mulleres migrantes, en sinerxia con SEDRA ou a actividade realizada con outros colectivos da entidade, nunha xornada lúdica e interxeracional o día 18 de maio, co motivo do Día das Letras Galegas.

- Xornada de orientación laboral e presentación da entidade do Servizo Estatal Público de Emprego (SEPE) de Sanxurxo Badía a cargo da orientadora laboral. Asistiuse en grupos reducidos. Acudiron varias participantes do programa mellorando a súa información en relación co ámbito.
- Obradoiro sobre saúde e bo trato na vida das mulleres migrantes, a cargo da entidade Federación de Planificación Familiar Estatal (FPFE).

7. %POBOACIÓN XERAL IMPLICADA

Ao igual que o anterior apartado e como acontece con todas aquelas actividades que conlevan interacción social, esta viuse tamén afectada por situación sanitaria, especialmente nos meses de novembro a marzo, onde vivenciamos meses duros de pandemia nos que tínhamos o aforo do espazo completo e non estaban permitidas as reunións presenciais entre non convivintes e as recomendacións sanitarias era evitar ao máximo o contacto social que puidera evitarse.

Por todo isto, nos seguintes meses de implementación e especialmente no traxurso do final de 2021 e parte do 2022 buscouse revertir a situación e ampliar as interacción e transversalidade tendo maior intervención tal e como se reflicte en outros apartados.

8. % POBOACIÓN DE ORIXE ESTRANXEIRA EN XERAL IMPLICADA

Ao igual que se expresa nos anteriores apartados, ao inicio do programa no 2020, non foi posible realizar actividades con outros colectivos de persoas de orixe estranxeira ou as familias das participantes, actividade que se mellorou na seguinte implemetación do programa no curso 2021-2022.

En relación ás persoas implicadas no programa como se fai xa mención no primeiro apartado, durante todo o curso participaron activamente 10 mulleres, rematando cunha cifra total de 10 xa que debido á mellora nas normativas derivadas da COVID-19 puidemos contar con outraparticipante derivada nas últimas catro sesións. Tras o parón de verán esta última participante non continuou asistindo debido a un embarazo, e outras tres participantes non continuaron debido a: a) modificación de residencia, marchándose fora da nosa comunidade; b) problemáticas de saúde no ámbito familiar e tendo que asumir a carga total e única de coidados; c) matriculación en estudos en horario de tarde sendo incompatible coa asistencia. No total do trascurso do programa 2020-2022 foron participantes activas un total de 14 mulleres.

9. COLECTIVOS, SERVIZOS SOCIAIS E PROFESIONAIS COLABORADORES

- Unidade de Traballo Social TEIS
- Unidade de Traballo Social TRAVESÍA DE VIGO
- TRABALLADORAS SOCIAIS DO SISTEMA SANITARIO
 - ÁLVARO CUNQUEIRO
 - CENTRO DE SAÚDE DE TEIS
- ENFERMEIRA DE PEDIATRÍA
- PROVIVIENDA (SERVIZO XURÍDICO)
- SEPE: Servizo Público de Emprego Estatal
- ORIENTADORA DO CENTRO EDUCATIVO IES TEIS
- FPFE: Federación de Planificación Familiar Estatal

10. GRAO DE IMPLICACIÓN DE USUARIAS E AXENTES SOCIAIS PARTICIPANTES

En relación a asistencia obtida, pódese concluír que a implicación das usuarias foi moi favorable, xa que as que comezaron dende un comezo asistiron a súa totalidade, véndose a asistencia reducida nas outras usuarias debido a dous factores principais: (1) comezar máis tarde a súa entrada e participación activa e directa nas sesións e (2) falta de asistencia derivada de asistencia a actos ou celebracións de datas simbólicas e relixiosas para as usuarias ou enfermidade.

En relación á implicación de axentes sociais como se menciona en anteriores apartados debido á crise sanitaria e a necesidade de limitar as interaccións, así como debido ás restriccións vixentes en diversos meses, a participación das/os axentes sociais foi moi limitada; pese a iso, ambas as dúas actividades organizadas (SEPE e FPFE) as persoas coas que nos comunicamos mostraron gran interese, motivación e aceptación das propostas recibidas, podendo afirmar que na súa totalidade a implicación externa cando así se promoveu foi satisfactoria.

11. GRAO DE SATISFACCIÓN DE USUARIAS E AXENTES SOCIAIS

PARTICIPANTES

Tras o análise das enquisas de satisfacción finais obtéñense as seguintes conclusións:

Periodo 2020-2021:

1. A valoración das participantes sobre se o curso respondeu ao que esperaban as puntuacións oscilan entre o 4 e o 5.
2. A valoración global do curso oscila entre o 4 e o 5, predominando o maior nivel de valoración o 5.
3. En relación a valoración de diversos eidos como os horarios, instalacións ou a execución da monitora, todas as puntuacións obtidas son favorables ou moi positivas, puntuando dúas participantes un 5 sobre todas as cuestións e obtendo os peores resultados cun 3 de regular dunha participante sobre instalacións e material entregado.
4. A comodidade no grupo foi valorada en todo momento entre as puntuacións 4 e 5, polo cal pode concluirse que se xerou un espazo cómodo, de convivencia e de cohesión, detectando que debe mellorarse para aquelas que marcaron un 4, non sentíndose totalmente satisfeitas e por este motivo non rexistran un 5.
5. En relación ás achegas para mellorar, na súa totalidade estas son:
 - a. Falar máis/moito diálogo III
 - b. Máis dictados
 - c. Máis horas II
 - d. Máis verbos para falar ben

Periodo 2021-2022

1. A valoración das participantes sobre se o curso respondeu ao que esperaban as puntuacións oscilan entre o 4 e o 5.
2. A valoración global do curso oscila entre o 4 e o 5, predominando o maior nivel de valoración o 5.
3. En relación a valoración de diversos eidos como os horarios, instalacións ou a execución da monitora, todas as puntuacións obtidas son favorables ou moi positivas, puntuando dúas participantes un 5 sobre todas as cuestións e obtendo os peores resultados cun 3 de regular dunha participante sobre instalacións e material entregado.
4. A comodidade no grupo foi valorada en todo momento entre as puntuacións 4 e 5, polo cal pode concluirse que se xerou un espazo cómodo, de convivencia e de cohesión, detectando que debe mellorarse para aquelas que marcaron un 4, non sentíndose totalmente satisfeitas e por este motivo non rexistran un 5.
5. En relación ás achegas para mellorar, na súa totalidade estas son:
 - a. Falar máis/moito diálogo IIII
 - b. Máis dictados
 - c. Máis horas II
 - d. Máis verbos para falar ben

e. Más días. II